



CONCELLO DE CABANAS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 7 DE MARZO DE 2019.

Alcalde-Presidente:

D. Manuel González López (Gr.PP)

Concelleiros/as;

D^a. Esperanza Gayoso Pereiro (Gr.PP)

D. Javier Fernández Brage (Gr.PP)

D. Germán Castrillón Permuy (Gr.PP)

D^a. Elena María Arias Martínez (Gr. PP)

D. Delfín Feal Pereira (Gr. Socialista)

D. Carlos Ladra Brage (Gr.Socialista)

D^a. Concepción Rodríguez Ferreiro (Gr.Socialista)

D. Iago Varela Martínez (BNG-Gr.Mixto)

D^a. María Eva García Amor (AEC-Gr.Mixto)

D. Xosé Manuel Pérez Sardiña (PDDdG-Gr.Mixto)

Secretario-Interventor:

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dez horas e trinta minutos do día sete de marzo de dous mil dezanove, reúnen-se en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr.Alcalde en funcións don Manuel González López, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, ao obxecto de realizar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, coa asistencia do Secretario-Interventor titular don Antonio López Vila, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do

Pleno, o Sr. Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a trata-lo único asunto incluído na Orde do Día.

1. ELECCIÓN DE ALCALDE DA CORPORACIÓN. Vacante a Alcaldía por renuncia do titular, do que se tomou coñecemento na sesión do pleno realizada o 27 de febreiro de 2019, debe procederse a elección de alcalde de acordo co establecido nos artigos 198 e 196 da LOREG e artigo 40.5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. A continuación cumprindo co ordenado pola Presidencia, o Secretario da conta das candidaturas presentadas nas últimas eleccións municipais que obtiveron representación, que corresponden a PP, PSdG-PSOE, BNG, AEC e PDDdG, indicando nominalmente os actuais cabezas de lista.

De conformidade co criterio da Xunta Electoral Central, estando constituída a Corporación correspondería a Presidencia ao primeiro Tenente de Alcalde, pero tendo en conta que se trata do candidato pola candidatura do PP e ante a falta de tenente de Alcalde que o substitúa, pasa a ocupar a Presidencia o concelleiro de mais idade entre os restantes membros da Corporación don Germán Castrillón Permuy.

A continuación procédese a elección de Alcalde, na que son proclamados candidatos os/as concelleiros/as que encabezan na actualidade as cinco listas que obtiveron representación nas eleccións municipais de 2015, mediante votación a man alzada, co seguinte resultado:

Votos emitidos: once (11)

Votos válidos: once (11)

D. Manuel González López (PP): seis votos (6)

D. Delfín Feal Pereira (PSdG-PSOE): catro votos (4)

D. Iago Varela Martínez (BNG): un voto (1)

D^a. María Eva García Amor (AEC): cero votos (0)

D. Xosé Manuel Pérez Sardiña (PDDdG): cero votos (0)



CONCELLO DE CABANAS

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 196.b) da LOREG, acadada a maioría absoluta dos votos dos/as concelleiros/as que compoñen a Corporación o candidato D. Manuel González López, o Sr. Presidente proclama Alcalde electo a D. Manuel González López.

Despois de acepta-lo cargo, D. Manuel González López xura cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Cabanas, con lealdade ó Rei, e gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do Estado, e pasa a ocupa-la Presidencia.

A continuación a Presidencia da as grazas e levanta a sesión sendo ás dez horas e corenta e cinco minutos, da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e prace.

O Alcalde

A blue ink signature of the Mayor, consisting of several overlapping loops and lines.

O Secretario

A blue ink signature of the Secretary, featuring a prominent horizontal line and a large loop above it.